



698 12 72 41



## Os socialistas instan ao concello a mellorar a conexión por estrada coa Estrada Nacional-541

 6, Xullo 2018 Cope Carballiño
 [f](#)
[t](#)
[w](#)



O Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, presentou unha MOCIÓN PARA A MELLORA DA ESTRADA PARADA-XENDIVE/OU-0416 DE ACCESO Á ESTRADA PONTEVEDRA-OURENSE/N-541 DENDE PARADA DE LABIOTE E NOGUEIROA.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

**PRIMEIRO.-** Que O Irixo é un dos Concellos máis extensos da provincia de Ourense e de Galicia, 12 parroquias e 109 lugares repartidos nunha gran extensión de 121 km<sup>2</sup> e no que as vías de comunicación teñen unha gran importancia para que a súa veciñanza se poida comunicar con axilidade pero tamén con seguridade, feito éste que non so é importante, en seguridade, tempo e distancias que se aforran, senón que tamén repercute decisivamente na calidade da vida das persoas, e, chegado o caso, en ocasións é determinante para fixar poboación no medio rural e no propio concello.

**SEGUNDO.-** Que neste caso a veciñanza da parroquia de Parada de Labiote e a do pobo de Nogueiroa, teñen unha conexión directa coa estrada de Pontevedra-Ourense/N-541, mediante a estrada Parada-Xendive/OU-0416, pola que poderían axilmente comunicarse con outros pobos e vilas próximos, por ser o traxecto máis curto entre esta parroquia e pobos e a Vila do Carballiño, como vila máis próxima ó Irixo.

**TERCEIRO.-** Que so 17,2 km separan pola estrada de Pontevedra-Ourense/N-541, mediante a estrada Parada-Xendive/OU-0416 ó pobo de Nogueiroa do Carballiño, tardando unha media en percorrelo en automóvil de 21 minutos, sería o traxecto máis curto, fronte ós 19,9 km de traxecto si o desprazamento fose pasando pola capitalidade do concello, e cunha duración media de 24 minutos. No caso de Parada de Labiote, 18 km sepáranos do Carballiño pasando pola capitalidade do concello e empregando 21 minutos de media en percorrer esta distancia fronte a 19,1 km e 24 minutos mediante estrada de Pontevedra-Ourense/N-541, mediante a estrada Parada-Xendive/OU-0416.



698 12 72 41



### RADIO EN DIRECTO



COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO



### TEMPO

#### O Carballiño

 Hoxe, 9. Xullo 2018  
 12:00-18:00

 Mañá, 10. Xullo 2018  
 12:00-18:00

 11. Xullo 2018  
 12:00-18:00


O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de yr.no

### CURTAS

RECUPERANDO TRADICIÓN NO CONCELLO DE BOBORÁS: O DOMINGO 8 DE XULLO RECREACIÓN DA ANTIGA FEIRA DA BESADA EN FEÁS, ANTIGOS OFICIOS,

CUARTO.- Que o certo é que a estrada Parada-Xendive/OU-0416 que dá acceso á estrada de Pontevedra-Ourense/N-541, está chea de numerosas curvas, sen beiravías e, en ocasións, estreitamentos en tramos ou pontes, ou tramos con firme en mal estado que dificulta a circulación e acentúa a perigosidade da vía para condutores, viandantes e animais.

QUINTO.- Que o estado desta estrada Parada-Xendive/OU-0416, dificulta o acceso da veciñanza do Irixo a dito enlace coa estrada de Pontevedra-Ourense/N-541 que é a vía de comunicación máis próxima e axeitada para que a veciñanza desta parte do Irixo teña unha boa conexión coa vila do Carballiño.

SEXTO.- Que non debemos esquecer tamén que sería unha vía de comunicación importante coa parroquia do Regueiro da que forman parte varios pobos do Irixo, Cerdeira de arriba, de abaixo, Os espiñeiros, A Candosa, As Antas, etc.

SÉTIMO.- Que ademais, o feito da mellora da estrada Parada-Xendive/OU-0416 sería unha mellora para toda a veciñanza do Irixo ó enlazar ca estrada de Pontevedra-Ourense/N-541 para desprazarse a Pontevedra ou a outras localidades próximas dende calquera pobo ou lugar do noso concello.

OITAVO.- Que a mellora da estrada Parada-Xendive/OU-0416 sería, ademais, un importante estímulo máis para a prosperidade de todo o Concello e especialmente desta parroquia e os seus pobos.

Por todo o manifestado, o Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando ó Concello a:

1º.- Que o Concello de O Irixo solicite da Xunta de Galicia e/ou da Deputación Provincial, os medios económicos necesarios para a mellora da estrada Parada-Xendive/OU-0416.

2º.- Que en fases sucesivas coa colaboración económica da Xunta de Galicia e/ou da Deputación Provincial, se faga un estudo sobre mellora das principais vías de comunicación do concello que dan acceso ás distintas parroquias ou pobos, Reádigos, Loureiro, A Cidá, Corneda, Espiñeira, Froufe... construindo beiravías, eliminando curvas e estreitamentos importantes en pontes e lugares que dificultan a circulación e acentúan a perigosidade da vía para condutores, viandantes e animais.

MAXIA, POSTOS DE COMIDA, MAXIA, MÚSICA...

XIV FESTA DO VIÑO TINTO DE CENLLE, OS DÍAS 2 E 3 DE XUÑO. DEGUSTACIÓN DE VIÑO E TAPAS EN 7 ADEGAS DE CENLLE, MÚSICA, TEATRO, EXPOSICIÓN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA E XANTAR POPULAR O DOMINGO ÁS 14:30 HORAS NO POLIDEPORTIVO DO COLEXIO DE CENLLE.

4º SERÁN E FESTA DA TORTILLA EN MANDRÁS - CEA, O SÁBADO DIA 26 DE MAIO, CON GRUPOS DE PANDEREITEIRAS, GAITEIROS E CANTOS TRADICIONAIS, INVITACIÓN A TORTILLA A TODOS OS QUE SE ACHEGUEN.

ROMARIA DE SANTA RITA EN ARMESES - MASIDE, O DOMINGO 27 DE DE MAIO: MISAS A PARTIR DAS 8,30 DA MAÑÁ, XANTAR CAMPESTRE CON SERVIZO DE PULPEIRAS, E TARDE DE BAILE CO GRUPO ALASKA.

MES DE ABRIL "MES DO LIBRO" NA SECCIÓN INFANTIL DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DO CARBALLIÑO, CON ACTIVIDADES PARA OS NENOS DE 4 A 11 ANOS: CONTACONTOS, PAPIROFLEXIA LITERATURESCA, XOGOS, INTERCAMBEO DE LIBROS, DE 17:30 A 20 HORAS, OS DÍAS 11,13,16,17,18 E 24.

CHEGA AO AUDITORIO DO CARBALLIÑO O MUSICAL INFANTIL "SOY LUNA" DE DISNEY CHANEL. SÁBADO DIA 17 DE MARZO ÁS CINCO DA TARDE. CON VOCES E PATINS EN DIRECTO. ENTRADAS Á VENDA NO RESTAURANTE COMONACASA.

FESTA DA CACHUCHA, DOMINGO 18 DE FEBREIRO NO CARBALLIÑO: ANIMACIÓN DE RÚA E DESFILES DE FOLIÓNS, CHARANGAS E COMPARSAS, XANTAR NOS RESTAURANTES, E FIN DE FESTA COA ORQUESTRA-ESPECTÁCULO GRAN PARADA.

MALASOMBRA PRESENTA O SEU MUSICAL INFANTIL "OS ROCKENSTEIN", O SÁBADO 26 ÁS 6 DA TARDE NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO, PREZO DA ENTRADA 3,5 EUROS.

ROMARIA FESTA NA HONRA A SAN PABLO EN SAMPAIO-MASIDE, OS DÍAS 26 E 27 DE XANEIRO. ANIMACIÓN INFANTIL COAS PATMISUKY, ANIMACIÓN MUSICAL CON M3, NEBRASKA E SAUDADE. O DIA 28 ÁS 2 DA TARDE CELEBRARÁSE A IX FESTA DO COCIDO, 18 EUROS POR PERSOA.

EDUCATEATRO PRODUCCIÓN PRESENTA O GRAN MUSICAL INFANTIL "OS 3 PORQUIÑOS", O DOMINGO DIA 14 DE XANEIRO ÁS 5 DA TARDE NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO.



698 12 72 41

